

**CEIP ÁLVARO CUNQUEIRO MORA**  
Avda. Bos Aires, 19  
Tfno: 982870553 Fax: 982870559  
27740.- Mondoñedo (Lugo)  
E-mail: [ceip.cunqueiro@edu.xunta.es](mailto:ceip.cunqueiro@edu.xunta.es)

# **BOLETIN INFORMATIVO**



**2021/2022**

O obxectivo deste folleto é o de informar as familias dos nosos alumnos/as das principais características do noso centro así como dalgúñas normas do seu funcionamento.

## **1. ALUMNADO**

O CEIP “Álvaro Cunqueiro Mora” ten matriculados na actualidade **187** alumnos/as de Educación Infantil (54) e Primaria (133), escolarizados como segue:

<b>EDUCACIÓN INFANTIL</b>	4º Nivel E.I. (3 anos)	14
	5º Nivel E.I. (4 anos)	15
	6º Nivel E.I. (5 anos)	25
<b>EDUCACIÓN PRIMARIA</b>	1º EP	23
	2º EP	25
	3º EP	23
	4º EP	20
	5º EP	21

	6º EP	21
--	-------	----

## **2. PERSOAL DO CENTRO**

### **a. Profesorado**

No presente curso o cadro do persoal está composto por 17 profesores. Cada grupo ten un profesor/a titor e ademais hai os seguintes especialistas: 1 de Pedagogía Terapéutica, 1 de Audición e Linguaxe (compartida), 1 Orientadora (compartida), 1 de Inglés, 1 de Francés, 1 de Educación Física, 1 de Educación Musical, 1 de Relixión.

A Etapa de Educación Infantil, conta cunha profesora de apoio para os 3 niveis.

### **b. Persoal non docente**

O Centro dispón de 1 conserxe, 4 empregadas de cociña, 8 colaboradoras do comedor escolar, persoal de limpeza e 1 coidadora ( para o alumnado con necesidades educativas especiais).

## **3. INSTALACIÓNS DO CENTRO**

O Centro está distribuído do seguinte xeito:

- ❖ **Primeiro andar:** Dirección, xefatura de estudos, secretaría, orientación, conserxería, aulas de educación infantil, , salón de actos, comedor, cociña, ximnasio, biblioteca e aula COVID
- ❖ **Segundo andar:** Aulas de educación primaria (1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º), idioma, sala de profesores, aula de apoio, informática, música e relixión, aula de audición e linguaxe.

No colexio dispoñemos dun ascensor, e dun aseo para discapacitados no segundo andar.

#### **4. HORARIOS**

EN SESIÓN ÚNICA: **9h:20' – 14h:05'**  
(Setembro e Xuño)

EN SESIÓN DOBRE:

**Mañás** 9:25h – 13:25h

**Tardes** 15:00h – 16:00h **Agás os luns** 15:30 h -16:30h

ATENCIÓN A PAIS E NAIS: Luns de 16:30 a 17:30. Realizaranse con cita previa. Faranse vía telefónica, abalar móbil, correo electrónico... En casos excepcionais serán de xeito presencial.

HORARIO DE ATENCIÓN DE SECRETARÍA:

As xestións serán solicitadas telefonicamente **982870553**, ou ao correo electrónico do centro [ceip.cunqueiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.cunqueiro@edu.xunta.gal). No caso de ser necesario a asistencia ao centro, realizarase sempre con cita previa.

#### **5. SERVIZOS**

**Comedor escolar:** Con 8 colaboradores/as para 169 alumnos/as.

**Transporte escolar gratuíto:** Para alumnado de fóra dos límites do casco urbano ou a máis de 2 Km do Centro.

## MENÚS XERAIS DO CEIP “ÁLVARO CUNQUEIRO MORA” - MONDOÑEDO

### MENÚS XERAIS (COS PRINCIPAIS INGREDIENTES) DO CEIP “ÁLVARO CUNQUEIRO MORA” – MONDOÑEDO

		Primeiro prato	Segundo prato	Sobremesa
P R I M E I R A  S E M A N A	Luns	Xudías con tomate  INGR: xudías e tomate natural.	Tenreira con tallaríns  INGR: pasta, tenreira e cebola.	Froita do tempo
	Martes	Empanadiñas  INGR: bonito, fariña, cebola e tomate.	Fabada  INGR: fabas, tenreira, patacas e picadinho (panceta, chourizo, cebola, cenoria).	Iogur natural
	Mércores	Crema de cabaza// <span style="color: blue;">ensalada tropical</span> INGR: rabizas, patacas, fabas e unto/leituga, amendoas, pina e outras froitas.	Luras en salsa con gornición de arroz en branco  INGR: Luras, arroz.	Froita do tempo
	Xoves	Sopa de fideos  INGR: fideos, polo, codillo, porros e cenoria.	Verdura do tempo con allada, ½ chourizo e ½ ovo  INGR: coliflor, patacas, allada, chourizo e ovo.	Froita do tempo
	Venres	Ensalada mixta INGR: leituga, tomate, remolacha, millo, espárragos, aceitunas e cebola.	Lombo adubado á prancha con patacas fritidas  INGR: lombo e patacas.	Xeado

		Primeiro prato	Segundo prato	Sobremesa
S E G U N D A	Luns	Crema de cenoria / <span style="color: blue;">revolto de gambas</span> INGR.: cenorias, porros, patacas, manteiga e leite. / <span style="color: blue;">ovo e gambas</span>	Arroz con carne  INGR: arroz, tenreira, cenoria, tomate, cebola e perehil.	Froita do tempo
	Martes	Ovo cocido con gornición de chícharos e salsa de tomate  INGR: ovo chícharos e salsa de tomate..	Guiso de peixe  INGR: peixe, patacas, chícharos, cebola e perehil.	Iogur con froitas
		Sopa xuliana	Filete de raxo á prancha con patacas fritidas	

S E M A N A	Mércores	INGR: verduras, pasta e caldo.	INGR: raxo e patacas.	Froita do tempo
	Xoves	Variñas de pescada INGR: peixe, fariña e ovo.	Lentellas con carne INGR: lentellas, tenreira e patacas.	Pina no seu zume
	Venres	Ensalada de leituga INGR: leituga.	Polo en salsa de tomate e patacas cocidas INGR: polo, tomate e pataca.	Froita do tempo

		Primeiro prato	Segundo prato	Sobremesa
T E R C E I R A  S E M A N A	Luns	Entremeses variados INGR: entremés.	Macarróns con atún INGR: Pasta, atún e tomate natural.	Froita do tempo
	Martes	Sopa de polo con fideos INGR: pasta, polo, porros e clado.	Zorza con cachelos INGR: Zorza e patacas.	Petit-suisse
	Mércores	Croquetas de polo INGR: polo, fariña, leite, ovo e pan raiado.	Potaxe de bacallau con espinacas INGR: bacallau, patacas, cebola, espinacas, perexil e tomate.	Froita do tempo
	Xoves	Caldo galego INGR: rabizas, patacas, fabas e unto.	Empanada de atún INGR: atún, cebola e masa de pan.	Xeado
	Venres	Ensalada de leituga INGR: leituga e cebola.	Churrasco con patacas asadas INGR: costela de cocho e patacas.	Froita do tempo

		Primeiro prato	Segundo prato	Sobremesa
C U A R T A  S E M	Luns		Arroz en branco con salsa de tomate , ovo a prancha e salchichas INGR: arroz, tomate natural, ovo e salchichas de ave.	Froita do tempo
	Martes	Variñas de pescada INGR: peixe, fariña e ovo.	Guiso de tenreira INGR: tenreira e patacas	Natillas
	Mércores	Entremeses variados INGR: entremés.	Fideos con luras e polo INGR: fideos, luras e polo.	Froita do tempo

A N A	Xoves	Caldo galego INGR: rabizas, patacas, fabas e unto.	Filete de pescada á prancha con ensalada de leituga INGR: pescada e leituga.	Froita do tempo
	Venres	Sopa / <b>Ensalada rusa</b> INGR: Pasta e clado / verduras, tomate, cebola, ovo e maionesa.	Estufado de tenreira con patacas asadas. INGR: tenreira, tomate, cebola, cenoria e patacas.	Froita do tempo

		Primeiro prato	Segundo prato	Sobremesa
Q U I N T A  S E M A N A	Luns	Revolto de champiñóns INGR: champiñóns e ovo.	Lentellas con carne INGR: lentellas, tenreira e patacas.	Froita do tempo
	Martes	Caldo galego / <b>ensalada de pasta</b> INGR: rabizas, patacas, fabas e unto./pasta, atún, cenoria, chícharos e olivas.	Filete de polo á prancha con ensalada de leituga INGR: polo e leituga.	Iogur natural
	Mércores	Sopa de sémola INGR: pasta e caldo.	Peixe en salsa verde con pataca cocida INGR: peixe, patacas e salsa (aceite, allo, perexil, caldo de peixe).	Froita do tempo
	Xoves	Puré de verduras / <b>entremeses variados</b> INGR: verduras, leite e pataca / <b>entremeses</b> .	Espaguetis INGR: pasta, tenreira e tomate natural.	Xeado
	Venres	.	Prato combinado: Lombo, ensaladiña, luras e patacas fritidas INGR: lombo, luras, verduras, tomate, ovo, maionesa e patacas.	Froita do tempo

		Primeiro prato	Segundo prato	Sobremesa
S E X T A  S E M A N A	Luns	Crema de verduras INGR: verdura, pataca, manteiga e leite	Arroz en branco con albóndegas INGR: arroz e carne picada	Froita do tempo
	Martes	Croquetas de polo con ensalada de tomante INGR: polo, fariña, leite, ovo, pan raiado, tomate e cebola	Fabas con ameixas INGR: fabas, ameixas, salsa (cebola, allo, perexil e aceite)	Iogur sabores
	Mércores	Caldo galego / <b>Ensalada rusa</b> INGR: Ravizas, patacas e fabas / verduras, tomate, cebola, ovo e maionesa.	Pescada a prancha con champiñóns o allo INGR: Pescada, champiñóns e allo.	Froita do tempo

	Xoves	Luras INGR: luras e fariña.	Garavanzos guisados con xamón e carne de tenreira INGR: garavanzos, xamón, tenreira, cenoria e verduras.	Froita do tempo
	Venres	Ensalada mixta con sardiñas INGR: leituga, tomate, millo, remolacha, cebola, sardiñas, espárragos e aceitunas.	Tortilla española INGR: ovo e patacas.	Froita do tempo

ESTES MENÚS PODEN SUFRIR VARIACIÓNS SEGUNDO IMPREVISTOS

## **6. DATAS DE AVALIACIÓN E OUTRAS**

	Data	Entrega Boletíns
1ª Avaliación	16/12/2021	21/12/2021
2ª Avaliación	28/03/2022	01/04/2021
3ª Avaliación	20/06/2022	22/06/2022

## **7. CALENDARIO ESCOLAR**

Inicio do curso: 9 de setembro de 2021

Remate das actividades lectivas: 22 xuño de 2022

Ademais dos festivos de ámbito estatal e autonómico son días non lectivos os seguintes:

Festivos Locais: 13 de setembro e 18 de outubro de 2021

Días non lectivos: Día do ensino 11 de outubro de 2021

Nadal: 22 de decembro de 2021 ata o 7 de xaneiro de 2022 ambos inclusive

Entroido: 28 de febreiro, 1 e 2 de marzo de 2022

Semana Santa: de 11 de abril ata 18 de abril de 2022 ambos inclusive

## **8. ALGUNHAS CELEBRACIÓNS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.**



Ao longo do curso, e nas datas que fixa o calendario escolar, realizaranse actividades referidas a:

- ❖ Magosto
- ❖ Día Universal da Infancia (20/11/2021)
- ❖ Día internacional contra a violencia de xénero (25/11/2021)
- ❖ Constitución e estatuto de autonomía (30/11-07/12/2021)
- ❖ Día internacional das persoas con discapacidade (3/12/2021)
- ❖ Día da declaración universal dos dereitos humanos (10/12/2021)
- ❖ Día Internacional da Educación (24/01/2022)
- ❖ Día escolar da non violencia e da Paz (30/01/2022)
- ❖ Día de Rosalía de Castro (24/02/2022)
- ❖ Entroido (28/2-02/03/2022)
- ❖ Día internacional da muller (8/03/2022)
- ❖ Día mundial dos dereitos do consumidor (15/03/2022)
- ❖ Semana da prensa (07-11/03/2022)
- ❖ Día mundial da saúde (7/04/2022)
- ❖ Semana do libro (18-22/04/2022)
- ❖ Día internacional contra o acoso escolar (2/05/2022)
- ❖ Día de Europa (9/05/2022)
- ❖ Semana das letras galegas (16-20/05/2022)
- ❖ Día mundial do medio ambiente (05/06/2022)

Ademais realizaranse saídas culturais das que se lles enviará información puntual.

## **9. ALGUNHAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA.**

Os pais/nais do alumnado deberá ter en conta as seguintes normas para acadar un mellor funcionamento do noso Centro:

- Deberán procurar que os alumnos/as asistan á clase con puntualidade, non chegando ao recinto antes das 09:15h.
- Unha vez comezado o horario escolar os pais/nais dos alumnos/as non poderán acceder ás aulas nin andar polos corredores do centro, polo que tanto para reincorporar a un neno/a como para vir recollelo, deberá dirixirse á Secretaría do Centro, onde deberán cubrir un impreso, para que persoal do colexio o leve ou o vaia buscar á clase.

- Non se debe reincorporar ou recoller a un alumno/a a calquera hora, para non interromper a marcha da clase.
- Procurarase facelo no seguinte horario:
  - ❖ Na hora do recreo (11:15h-11:45h)
  - ❖ Nos cambios de clase.
  - ❖ Os usuarios do comedor escolar ás 13:25 h. A partir desta hora, non poden traer os nenos ao comedor.
  - ❖ Á hora de entrada na sesión de tarde .
  
- Os pais dos nenos/as transportados teñen que estar esperando aos seus fillos nas paradas correspondentes.
- **Está prohibida a entrada no recinto escolar de vehículos alleos ao persoal do Centro salvo casos autorizados.**
- Aos pais/nais que veñan a recoller aos seus fillos en coche, recoméndaselles aparcalo na **Avenida Bos Aires**, xa que debido ao intenso tráfico que hai na Rúa Vilalba e aos aparcamentos dos autobuses do transporte escolar, resulta moi perigoso para os nenos cruzar a rúa.
- O Centro, na entrada pola Avenida Bos Aires, non ten barreiras arquitectónicas que dificulten o acceso para cadeiras de rodas, carriños de bebés ... dispón, ademais, dunha rampla de acceso ao patio cuberto.
- No colexio está prohibido o uso de móbiles e cámaras fotográficas. Se un neno/a ten necesidade de chamar á familia o centro facilítalle esa posibilidade. No caso de que o alumno traia un destes aparatos poderá ser requisado polo profesorado para ser entregado soamente aos pais/nais.
- No horario de entrada ao colexio o alumnado de educación primaria accederá solo ás filas.
- Ao finalizar a xornada lectiva os pais/nais/alumnados deben abandonar o recinto escolar a maior brevidade posible.
- Non se poderá acceder ás dependencias do centro unha vez rematada a xornada escolar, nin para recoller prendas, libros, libretas ou outro material esquecido, xa que o persoal de limpeza non está autorizado para deixar acceder ao centro a ninguén.
- Deberanse respectar os dereitos e deberes dos pais que se recollen a continuación

## • DEBERES

- ❖ Colaborar cos profesores/as na educación dos seus fillos.
- ❖ Acudir as citacións dos profesores.

- ❖ Cooperar co centro en todo o que estea relacionado coa educación dos seus fillos.
- ❖ Proporcionar aos seus fillos o material escolar necesario para unha eficaz tarefa educativa.
- ❖ Informar ao profesorado sobre as posibles deficiencias físicas ou psíquicas do seu fillo e colaborar co centro nas medidas adoptadas para o mellor desenvolvemento do neno/a.
- ❖ Procurar que o seu fillo asista a clase puntualmente e co debido aseo.
- ❖ Respetar, salvo casos de urxente necesidade, o horario establecido para as entrevistas cos profesores ou coa dirección.
- ❖ Obrigación de xustificar as faltas de asistencia e puntualidade.

As faltas de asistencia deben xustificarse todas, antes (se xa se sabe con antelación) ou despois (se é un imprevisto). Neste caso, sempre que sexa posible, deberase comunicar a falta no día, por teléfono (982870553) ou correo electrónico ([ceip.cunqueiro@edu.xunta.es](mailto:ceip.cunqueiro@edu.xunta.es)). Os/as titores/as dispoñen duns impresos que poden facilitar ao alumnado ou aos pais.

Nos boletíns de notas poden aparecer as faltas do alumnado por sesións, neste caso a falta dun día completo contabilizarase coma 5 sesións.

## • DEREITOS

- ❖ Os pais dos alumnos/as elixirán directamente aos seus representantes nos órganos colexiados do centro.
  - ❖ Teñen dereito a constituír Asociacións de Pais de Alumnos que colaboren na tarefa educativa do centro.
  - ❖ Teñen dereito a ser informados polo titor da evolución dos seus fillos sobre o rendemento escolar así como do seu comportamento no centro.
  - ❖ Poderán visitar aos titores nos días e horas establecidas ou en calquera momento en que a urxencia do asunto a tratar así o requira.
  - ❖ Participar activamente nos órganos para os que sexa elixido.
- As ANPAS poderán celebrar reunións nos locais do centro, cando teñan por obxecto os seus fins propios e non perturben o desenvolvemento normal das actividades docentes, con coñecemento previo, en todo caso, da Dirección do Centro.

